



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685. XANCEDA. C.I.F.: P-1504800 B. Telf (981) 687001 – Fax 68 70 69

BANDO

PARQUE EÓLICO SAN BARTOLOMÉ



Acordo de 28 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do **parque eólico Monte de San Bartolomé, nos concellos de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda**, (exp. IN408A 2019/081).

Solicitante/Promotor: **ENEL GREEN POWER ESPAÑA, SL**

Potencia a instalar: **46,2 MW**

Núm. Aeroxeradores a instalar: **9 ud. x 4,5 MW + 1 ud x 5,7 MW de potencia nominal unitaria**

Dez (10) aeroxeradores tripá, modelo SG 6.0-170 ou similar, de potencia nominal unitaria 4,500 kW en nove deles e 5.700 kW no restante, e diámetro do rotor de 170 m e altura de buxa de 115 m.

Unha torre metereolóxica de 115 m de altura total.

Centro de seccionamento Monte San Bartolomé 33 kv

Ampliación da subestación colectora Meirama de Naturgy, con unha posición de transformación denominada, Monte de San Bartolomé 33/220 kv.

O proxecto faise público para o coñecemento xeral e para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada na **oficina técnica de urbanismo do concello os LUNS, MÉRCORES e VENRES en horario de 10:00 a 15:00 h, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG). **Publicado o xoves, 05 de xaneiro de 2023 no DOG Núm 4.**

Prazo para remitir alegacións/achegas/opiniós: 09/01/2023-17/02/2023

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico seccion.enerxia.coruna@xunta.es ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 17, así como nas casas consistoriais de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda.

Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:


<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

No portal web do concello de Mesía

<http://www.concellodemesia.gal/servizos/noticias/consulta-parque-eolico-san-bartolome>

Este equipo de goberno mantén de forma clara e contundente a mesma postura en contra da instalación de proxectos eólicos no termo municipal, polo que se presentarán as alegacións oportunas para evitar que o proxecto do parque eólico supoña unha agresión irreparable.

Mesía, 05 de xaneiro de 2023
Alcalde,
Mariano Iglesias Castro



LÍNEA VERDE A TRAZOS: LÍMITE MUNICIPAL DEL CONCELLO DE MESÍA

DISTANCIAS A NÚCLEOS DE POBOACIÓN

Seble 905 m, Os Ricos 684 m , A Calzada 730 m e Hospital de Bruma 1200 m

REUNIÓN INFORMATIVA

MÉRCORES 01 de FEBREIRO ás 16:30 h

LOCAL SOCIAL AS BRAÑAS DE VISANTOÑA

Intervirán: Aranza, veterinaria e portavoz da plataforma en contra dos eólicos

Javier Costoya, técnico do concello de Mesía